



Estimados/as socios e socias da Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Vilarmide:

Por medio desta carta queremos informaros dunha serie de cambios feitos últimamente:

- En primeiro lugar decirvos que o ata agora Presidente da Asociación, Alberto Gómez Fernández, dimitiu por motivos persoais, pasando a ocupalo seu lugar, o antigo Vicepresidente, Manuel Gómez Acebedo, e o sitio deste, pasou á primeira vogal, Modesta Graña Pérez. Tamén nomeouse como portavoz da Xunta Directiva a Juan Sampayo Gómez.
- Comunicarvos tamén uns cambios de datas:

7 de agosto: CHURRASCADA. (Agradeceríamosvos que con unha semana de antelación á churrascada, nos fagades saber a calquera membro da Xunta Directiva, os/as que ides asistir, para poder organizar todo mellor).

14 de agosto: Asamblea Xeral anual de socios e socias.

Outros puntos a aclarar son os seguintes:

1. O carnet se socio e socia é persoal e intransferible.
2. Nos eventos e actividades, poderase participar libremente. Haberá que pagar unha cota para socios e socias e outra diferente para non-socios e non-socias, sempre marcada pola Xunta Directiva.
3. As festas gastronómicas son exclusivamente para socios e socias.

Os cursos, actividades e outras cousas que haxa de interese para todos e todas iranse publicando no taboleiro de anuncios que hai xunto ó local da Asociación, así como a través da nosa páxina web, por teléfono ou duns/dunhas a outros e outras de palabra.

Invitámosvos a que fagades suxerencias, queixas ou consultas por escrito a calquera membro da Xunta Directiva.

Recibide saúdos para todos e todas.

A XUNTA DIRECTIVA.

En Vilarmide a 4 de maio de 2010

*"A terra non a heredamos dos nosos avós,
senón que témola prestada dos nosos netos."*

Proverbio Africano